Federación Galega de Atletismo

CIRCULAR
Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

# CIRCULAR 49 – 2020
# LXXXVII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO MASCULINO E LIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO FEMININO, SUB 23, SUB 20, SUB 18 E PROBAS COMBINADAS EN PISTA AO AIRE LIBRE

*- A todas as delegacións da FGA.*
*- A todos/as os/as asembleístas*
*- A todos os clubs galegos con licenza vixente*
*- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
*- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1)** Os días 28, 29 e 30 de agosto celébrase o LXXXVII Campionato de Galicia Absoluto Masculino e o LIII Campionato de Galicia Absoluto Feminino, Sub 23, Sub 20 e Sub 18 nas pistas de atletismo do Campus de Elviña en A Coruña.

**Art.2)** Poderán participar todos aqueles atletas que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún club de Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a clubs doutras Comunidades Autónomas.

*Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as maiores de 18 anos que non estean nacionalizados/as en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia.*

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (https://isis.rfea.es/sirfea2/) **ata as 20:00 horas do martes 25 de agosto do 2020.** Aceptaranse as marcas realizadas dende o 1 de abril de 2019, e as marcas realizadas en probas similares tanto na pista cuberta coma no aire libre (50 mv, 60 mv, 100 mv , 300 mv, 600, 1000…), o comité técnico utilizará as táboas WA de puntuación para comparar as marcas feitas en distintas probas e así decidir a que atletas admitir. Teranse en conta só as marcas indicadas no momento da inscrición, tamén poderá ser utilizado o campo do dorsal.

**Art.4)** Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as que reúnan os requisitos esixidos recibirán unha medalla do campionato (ver normas técnicas).

**Art.5)** Ó longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que, clasificándose nas eliminatorias ou series, non participe na seguinte rolda ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida a dirección técnica da FGA.

**Art.6)** Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, adiantarase a final disputándose esta no horario das semifinais.

**Art.7)** En todas as carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros de inscrición que posúan os atletas. O sistema de clasificación para as seguintes roldas no caso de que as houbese, será só por tempos. Nas probas de concursos do Campionato Absoluto, faranse 3 intentos por atleta e 3 máis os 8 mellores clasificados, no resto de campionatos (S18/20/23) todos os/as atletas farán só 4 intentos.

**Art.8) Limitación de probas:**
**- Categoría Sub 18:** só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas. No caso de participaren en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 200 m.
Os/as atletas de probas combinadas só poderán competir nesta especialidade. A FGA dará un pazo de 24h desde a publicación de listados de admitidos para que os/as atletas que se inscribiran en máis probas das regulamentarias corrixirán esta situación.
Estas limitacións aplicaranse a cada campionato independentemente naquelas probas que se celebren de maneira separada, nas que se celebran de maneira conxunta (carreiras) aplicarase como un único campionato.
**- Categoría Sub 16:** só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas do seu programa.
- Os/as atletas Sub 18, 20, 23 que participen no seu campionato, poderán clasificarse para a final do campionato absoluto.

**Art.9) Táboas de participación:**

| PROBA | ABS** | MODO | SUB 23** | MODO | SUB 20** | MODO | SUB 18 | MODO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 100 | 32 | SEMIS/FINAIS | 16 | SEMI/FINAL | 16 | SEMI/FINAL | 24 | SEMI/FINAL |
| 200 | 24 | SEMIS/FINAIS | 16 | SEMI/FINAL | 16 | SEMI/FINAL | 16 | SEMI/FINAL |
| 400 | 16 | FINAIS | 16 | FINAIS | 16 | FINAIS | 16 | FINAIS |
| 800 | 16 | FINAIS | 16 | FINAIS | 16 | FINAIS | 16 | FINAIS |
| 1500 | * | FINAIS | * | FINAIS | * | FINAIS | * | FINAIS |
| 5000 | * | FINAIS | * | FINAIS | * | FINAIS | * | FINAIS |
| 5KM M | * | FINAL | * | FINAL | * | FINAL | * | FINAL |
| 110/100 MV | 24 | SEMI/FINAL | 8 | FINAL | 8 | FINAL | 16 | SEMI/FINAL |
| 400 MV | 16 | FINAIS | 8 | FINAL | 8 | FINAL | 16 | FINAIS |
| 3000 OBS | * | FINAIS | * | FINAL | * | FINAL | * | FINAL |
| ALTURA | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| LONXITUDE | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| TRIPLO | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| PÉRTEGA | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| PESO | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| DISCO | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| XAVELINA | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |
| MARTELO | 10 | FINAL | 5 | FINAL | 5 | FINAL | 10 | FINAL |

* Probas pendentes de autorización pola Secretaría Xeral da Xunta de Galicia.
** En categoría Sub 20 e Sub 23 e no Absoluto, poderán rexeitarse inscricións aínda non chegando ao mínimo de participación programado por non acadar o nivel mínimo, en dito caso poderán programarse as finais conxuntamente coas absolutas.
Nas probas nas que hai programadas semifinais, pasarán á final os mellores tempos, en caso de haber dúas finais (A-B) nunha irán todos xuntos os mellores tempos realizados en semifinais.

**Art. 10)** Horario provisional. O horario final publicarase unha vez coñecidas as inscricións definitivas).

## HORARIO PROVISIONAL DO VENRES 28 XORNADA DE TARDE

| HORA | PROBA | | SEXO | LONXITUDE/TRIPLO | ALTURA | PÉRTEGA | LANZ LONGOS | PESO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 17:00 | | | | Triplo Sub 18 H | Sub 18 H | Sub 18 M | Martelo Sub 18 H | Sub 18 M |
| 18:20 | | | | Triplo Sub 20/23 H | | | Martelo Sub 18 M | Sub 18 H |
| 18:50 | | | | | Sub 18 M | | | |
| 19:00 | 400 mv Sub 18 | Final | H | | | Sub 18 H | | |
| 19:10 | 400 mv Sub 20 | Final | H | | | | | |
| 19:20 | 400 mv Sub 23 | Final | H | | | | | |
| 19:30 | 400 mv Sub 18 | Final | M | | | | | |
| 19:40 | 400 mv Sub 20 | Final | M | Triplo Sub 18 M | | | | |
| 19:50 | 400 mv Sub 23 | Final | M | | | | Martelo Sub 20/23 M | Sub 20/23 H |
| 20:10 | | | | | Sub 20/23 H | | | |

## HORARIO PROVISIONAL DO SÁBADO 29 XORNADA DE MAÑÁ

| HORA | PROBA | | SEXO | LONXITUDE/TRIPLO | ALTURA | PÉRTEGA | LANZ LONGOS | PESO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9:30 | | | | | | | Martelo Sub 20/23 H | |
| 10:00 | 100 | Semifs | H | Triplo Sub 20/23 M | | Sub 20/23 H | | Sub 20/23 M |
| 10:30 | | | | | Sub 20/23 M | | | |
| 10:50 | 100 | Semifs | M | | | | Martelo Abs Mulleres | |
| 11:40 | 800 | Finais | H | | | | | |
| 12:00 | | | | Lonxitude Sub 18 H | | | | |
| 12:10 | 800 | Finais | M | | | | Martelo Abs Homes | |
| 12:35 | 100 Sub Abs | Final | H | | | | | |
| 12:42 | 100 Sub Abs | Final | M | | | | | |
| 12:50 | 3000 Obs* | Final | H | | | | | |
| 13:05 | 3000 Obs* | Final | M | | | | | |
| 13:20 | 2000 Obs* | Final | M | | | | Xavelina Sub 18 M | |
| 13:30 | 2000 Obs* | Final | H | | | | | |
| 13:50 | 100 Sub 23 | Final | H | | | | | |
| 14:00 | 100 Sub 23 | Final | M | | | | | |
| 14:10 | 100 Sub 20 | Final | H | | | | | |
| 14:20 | 100 Sub 20 | Final | M | | | | | |
| 14:30 | 100 Sub 18 | Final | H | | | | | |
| 14:40 | 100 Sub 18 | Final | M | | | | | |

## HORARIO PROVISIONAL DO SÁBADO 29 XORNADA DE TARDE

| HORA | PROBA | | SEXO | LONXITUDE/TRIPLO | ALTURA | PÉRTEGA | LANZ LONGOS | PESO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 17:00 | 110 mv Sub 18 | | H | Lonxitude Sub 20/23 H | | Sub 20/23 M | Xavelina Sub 18 H | |
| 17:10 | 100 mv Sub 18 | | M | | | | | |
| 17:20 | 200 | Semifs | H | | | | | |
| 18:00 | 200 | Semifs | M | | | | | |
| 18:10 | | | | Lonxitude Sub 18 M | | | | |
| 18:30 | | | | | | | Xavelina Abs M | |
| 18:40 | 1500* | Finais | H | | | | | |
| 19:10 | 1500* | Finais | M | | | | | |
| 19:30 | | | M | Lonxitude Sub 20 /23 M | | | | |
| 19:40 | 200 Final | Finais | H | | | | | |
| 20:00 | 200 Final | Finais | M | | | | Xavelina Abs H | |
| 20:20 | 110 Sub 20 | Final | H | | | | | |
| 20:30 | 110 mv Sub 18 | Final | H | | | | | |
| 20:40 | 100 mv Sub 18 | Final | M | | | | | |

## HORARIO PROVISIONAL DO DOMINGO 30 XORNADA DE MAÑÁ

| HORA | PROBA | | SEXO | LONXITUDE/TRIPLO | ALTURA | PÉRTEGA | LANZ LONGOS | PESO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9:30 | | | | | | | Disco Sub 18 H | |
| 10:00 | 110 mv Abs/23 | Semifs | H | | Homes Abs | Homes Abs | | |
| 10:20 | 100 mv Abs/23/20 | Semifs | M | | | | | |
| 10:30 | | | | Triplo H Abs | | | | |
| 10:50 | 5 Km Marcha* | Finais | H | | | | | |
| 11:30 | 5 Km Marcha* | Finais | M | | | | | |
| 11:40 | | | | | | | Disco Abs H | |
| 12:00 | 400 | Finais | H | | | | | |
| 12:30 | 400 | Finais | M | Triplo M Abs | | | | |
| 13:00 | 110 mv Abs/23 | Final | H | | | | Disco Abs M | |
| 13:10 | 100 mv Abs/23/20 | Final | M | | | | | Abs H |

## HORARIO PROVISIONAL DO DOMINGO 30 XORNADA DE TARDE

| HORA | PROBA | | SEXO | LONXITUDE/TRIPLO | ALTURA | PÉRTEGA | LANZ LONGOS | PESO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 16:30 | | | | | | | Disco Sub 18 M | |
| 17:00 | 400 mv Abs | Finais | H | Lonxitude H Abs | Mulleres Abs | Mulleres Abs | | |
| 17:30 | 400 mv Abs | Finais . | M | | | | | |
| 17:50 | | | | | | | Disco Sub 20/23 M | |
| 18:00 | 5000* | Finais | H | | | | | |
| 18:50 | | | | Lonxitude M Abs | | | | |
| 19:00 | 5000* | Finais | M | | | | | |
| 19:30 | | | | | | | Disco Sub 20/23 H | Abs M |

* Probas pendentes de autorización pola Secretaría Xeral da Xunta de Galicia.

**SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS**

**Carreiras:** 5min antes da hora oficial da proba
**Carreiras valos:** 10min antes da hora oficial da proba
**Concursos (agás pértega):** 20min antes da hora oficial da proba
**Pértega:** 35min antes da hora oficial da proba

* Entrada en cámara de chamadas, cinco minutos antes da saída oficial á pista.
* Os/As atletas terán a obrigación de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada.

**Art.11)** A distancia das táboas e as cadencias das alturas publicaranse xunto coa lista de admitidos.

**Art.12)** Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

**Art.13)** O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa, para os/as adestradores/as e para un acompañante dos menores de idade, unha vez publicado o horario definitivo.

**Art.14)** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.15)** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 1 euro. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

**Art.16)** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:, aprobadas pola Asemblea Xeral da FGA.

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no
- Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa
- xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3€. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, pudendo ser esta denegada. Estas inscricións, deberán facerse na intranet: https://isis.rfea.es/sirfea2/ ata o xoves 27 ás 10:00 da mañá.

**Art.17)** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.18)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 20 de agosto de 2020

Carlos Castro Vicente
**Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo**